

#### IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS

##### CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*RESOLUCIÓN do 30 de maio de 2011, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se procede a nomear e a facer pública a composición do tribunal que xulgará a proba de acreditación do coñecemento da lingua galega nos procedementos selectivos de ingreso e acceso ao corpo de profesores de artes plásticas e deseño e de mestres na Comunidade Autónoma de Galicia convocados pola Orde do 8 de abril de 2011 (Diario Oficial de Galicia do 11 de abril), e pola que se fai pública a data, a hora e o lugar en que se realizará a proba de acreditación do coñecemento da lingua galega nos citados procedementos selectivos.*

En cumprimento do sinalado na base común 7 da Orde do 8 de abril de 2011 (Diario Oficial de Galicia do 11 de abril), pola que se convocaban os procedementos selectivos de ingreso e acceso ao corpo de profesores de artes plásticas e deseño e de mestres e procedemento de adquisición de novas especialidades polo persoal funcionario de carreira dos mencionados corpos da Comunidade Autónoma de Galicia, esta dirección xeral

#### RESOLVE:

Primeiro. Nomear o tribunal que deberá xulgar a proba de acreditación do coñecemento da lingua galega nos procedementos selectivos de ingreso e acceso ao corpo de profesores de artes plásticas e deseño e de mestres na Comunidade Autónoma de Galicia no anexo desta resolución.

Segundo. Indicar a data, hora e lugar en que se realizará a citada proba:

-Data: 18 de xuño de 2011.

-Hora: ás 10.00 horas.

-Lugar: IES As Fontiñas, rúa de Estocolmo 5, Santiago de Compostela (A Coruña).

Recórdase que, de conformidade coa Orde do 8 de abril de 2011 (*Diario Oficial de Galicia* do 11 de abril), a proba se valorará coa cualificación de apto ou non apto, e quedarán excluídas do procedemento selectivo as persoas declaradas non aptas. Finalizada

a realización da proba, e unha vez avaliada, o tribunal fará pública a valoración do persoal aspirante no taboleiro de anuncios do centro en que se realízase.

Terceiro. Quedan autorizadas as comisións de servizos dos membros do tribunal que necesiten desprazarse para o exercicio de tal función, que terán dereito a percibir as axudas e gastos de viaxes de acordo coa lexislación vixente. Os medios de locomoción usados serán calquera dos previstos no Decreto 144/2001, do 7 de xuño, modificado polo Decreto 144/2008, do 26 de xuño (*Diario Oficial de Galicia* do 18 de xullo), e deberá entenderse que queda expresamente autorizado o uso de vehículos propios, de acordo co citado decreto.

Santiago de Compostela, 30 de maio de 2011.

José Manuel Pinal Rodríguez  
Director xeral de Centros e Recursos Humanos

#### ANEXO

Titulares		
Posto	NIF	Nome
Presidente/a titular	33783681-Q	González Moreiras, Jesús Pablo
Vogal titular 1º	35544660-T	García Bugarín, Leandro
Vogal titular 2º	33238798-A	Rivas Troiteiro, María das Dores Lucía
Vogal titular 3º	36044724-K	Álvarez Ruiz, Lourenzo
Vogal titular 4º	35286281-A	Ares Rodríguez, María Carmen
Suplentes		
Posto	NIF	Nome
Presidente/a suplente		
Vogal suplente 1º	33832204-D	Pereiro Gómez, Luis
Vogal suplente 2º	35450548-G	García Sumay, María Cruz
Vogal suplente 3º	35318235-X	Gulías Troitiño, Xoán Carlos
Vogal suplente 4º	52434162-G	Seara Domínguez, María Teresa